

O pasado fin de semana disputouse en Castelldefels (Barcelona) o Campionato de España de Xóvenes Promesas sobre a distancia de 1.000 metros. Ata alí acudiu o Clube de Piragüismo Unión Boiro - Rianxo para acadar uns dos mellores resultados da súa curta existencia. Foi un éxito rotundo no que destacaron sobre todo os seguintes palistas:

- Raquel Da Costa Piñeiro: Subcampiona de España na categoría K-1 Muller Infantil B.
- Cristian Silva Pérez: 3º de España na categoría K-1 Home Infantil A.
- Cristina Noya Río: 5ª de España na categoría C-1 Muller Cadete B.
- Sandra Triñanes López: 2ª clasificada na final B na categoría K-1 Muller Infantil A.
- Nerea Rodríguez, Sandra Triñanes, Jessica Ferreirós e Raquel Da Costa: 5ª clasificadas na categoría Muller Infantil K-4.